



Percepción dos participantes sobre os métodos agroecolóxicos máis utilizados para o control de malas herbas asociadas a cultivos perennes na Rexión Atlántica (España)

PROBLEMA

Cales son os métodos agroecolóxicos máis utilizados para o control de malas herbas nos viñedos da Rexión Atlántica?

VALORACIÓN DOS GRUPOS IMPLICADOS

Entre os participantes, a sega é o método máis común para o control de malas herbas en viñedos (82%), seguido da labranza (68%) e la cobertura espontánea (42%). A cobertura inerte, a cobertura viva, e los cultivos de cobertura permanentes e temporais son aplicados polo 32% dos enquisados. A xestión mecánica das malas herbas e desherbado manual tamén son prácticas coñecidas. O pastoreo, os bioherbicidas e o control térmico son menos comúns (5%), pero se valoraron como opcións valiosas xunto cós cultivos mixtos. Algúns actores sinalaron o potencial dos bioherbicidas e o control térmico, aínda que seguen en desuso. Existe un interese crecente por integrar prácticas diversas, como a cobertura espontánea de malas herbas e cultivos de cobertura. Sen embargo, a falta de coñecemento e formación sobre estas estratexias é unha barreira para a súa adopción.



Figura 1: Plantación de viñedo onde se levan a cabo os experimentos de estratexias agroecolóxicas para o control das malas herbas



RECOMENDACIÓN

Suxírese un enfoque combinado de sega, cultivos de cobertura e mulching para un manexo efectivo das malas herbas nos viñedos. Os programas de formación deberían centrarse en métodos pouco utilizados, como os bioherbicidas e o control térmico, para mellorar a súa adopción e contribuír a unha xestión máis sostible na rexión atlántica.

PALABRAS CHAVE

sega, labranza, cubertas espontáneas, enfoque combinado de EA, sostibilidade

AUTORES

Vieites Álvarez, Y., Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España

Campillo Cora, C., Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España

López González, D., Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España

Fernández-Calviño, D., Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España

Sánchez-Moreiras, A. Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España

